

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 18 de setembro de 2006 pola que se regula o proceso de adscrición dos funcionarios dos corpos de profesores de ensino secundario e de mestres afectados pola transformación de institutos de educación secundaria en centros integrados de formación profesional.

Por Decreto 154/2006, do 7 de setembro, transfórmanse en centros integrados de formación profesional os institutos de educación secundaria que se relacionan no anexo IV.

Pola súa vez, os institutos de educación secundaria de Fene e Porta da Auga de Ribadeo desdóbranse no IES de Fene e o Centro Integrado de Formación Profesional de Fene e no IES Porta da Auga e no Centro Integrado de Formación Profesional de Ribadeo.

Nos centros integrados de formación profesional non se van impartir as ensinanzas de educación secundaria obrigatoria. Ademais, nos centros integrados de Ánxel Casal e de Someso da Coruña non se impartirán as ensinanzas do bacharelato.

A disposición adicional segunda do Decreto 154/2006, do 7 de setembro, establece que a extinción das ensinanzas será progresiva. Non obstante, procede regular desde o primeiro momento a situación do profesorado afectado pola creación dos centros integrados de formación profesional, en relación co seu destino definitivo, con independencia de que se efectúen adscricións de carácter funcional que lles permitan aos funcionarios docentes que o desexen continuar prestando servizos no instituto de educación secundaria que se transforma en centro integrado de formación profesional, mentres exista necesidade de profesorado da súa especialidade.

Na súa virtude, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

DISPÓN

Primeiro.-Nos centros integrados de formación profesional creados por transformación de institutos de educación secundaria no anexo do Decreto 154/2006, do 7 de setembro, deixarán de impartirse as ensinanzas da educación secundaria obrigatoria, de acordo co calendario que se publica como anexo I a esta orde.

Segundo.-Nos centros integrados de formación profesional deixarán de impartirse as ensinanzas de adultos conducentes á obtención do título de graduado en educación secundaria, de acordo co calendario que se publica como anexo II a esta orde.

Terceiro.-Nos centros integrados de formación profesional Ánxel Casal e de Someso, ambos dous da Coruña, deixarán de impartirse as ensinanzas de bacharelato, de acordo co calendario que se publica como anexo III a esta orde.

Cuarto.-No curso académico 2007-2008 deixarán de impartirse as áreas básicas dos programas de garantía social nos centros integrados de formación profesional creados polo Decreto 154/2006, do 7 de setembro.

Quinto.-As ensinanzas de educación secundaria obrigatoria e, de ser o caso, do bacharelato, dos institutos de educación secundaria transformados en centros integrados de formación profesional trasladanse aos institutos de educación secundaria que se relacionan no anexo IV.

Sexto.-Os catálogos dos funcionarios do corpo de profesores de ensino secundario dos centros integrados de formación profesional das materias comúns, para impartir o bacharelato e, de ser o caso, módulos profesionais dos ciclos formativos, publícanse por especialidades no anexo V da presente orde.

Sétimo.-As necesidades de profesorado dos centros receptores das ensinanzas, tanto se son previas como se as orixina o propio traslado de ensinanzas, publícanse por especialidades no anexo VI desta orde.

Oitavo.

1. Quedarán nos centros integrados de formación profesional, con destino definitivo, un número de profesores por especialidade igual ao publicado no anexo V.

2. A prioridade dos funcionarios do corpo de profesores de ensino secundario para quedar con destino definitivo no centro integrado de formación profesional ou para integrarse con destino definitivo no centro receptor das ensinanzas ou para quedar suprimido ou desprazado por falta de horario virá determinada pola aplicación dos criterios establecidos na disposición transitoria do Decreto 154/2006, do 7 de setembro, polo que se determinan os criterios de perda do destino definitivo polos funcionarios docentes que prestan servizos nos centros educativos que imparten ensinanzas distintas das universitarias.

3. A prioridade dos funcionarios do corpo de mestres para integrarse con destino definitivo no centro receptor das ensinanzas ou para quedar como suprimido ou desprazado virá determinado pola especialidade da praza da que é titular e, en segundo lugar, pola aplicación dos criterios establecidos no artigo 1º do Decreto 154/2006, do 7 de setembro.

4. Os funcionarios docentes non poderán optar por integrarse no centro receptor das ensinanzas se quedan prazas da súa especialidade sen cubrir no centro integrado de formación profesional.

5. Os funcionarios docentes non poderán optar por quedar como suprimidos ou como desprazados por falta de horario se quedan prazas da súa especialidade sen cubrir no centro integrado de formación profesional ou no centro receptor das ensinanzas.

6. Os profesores adscritos no centro integrado a unha especialidade da cal non son titulares poderán optar a quedar nel en igualdade de condicións que os funcionarios docentes titulares da especialidade.

7. Os profesores adscritos no centro integrado a unha especialidade da cal non son titulares unicamente poderán optar no centro receptor das ensinanzas a unha praza da ou das especialidades de que son titulares.

Noveno.-Os funcionarios docentes formularán a súa solicitude de permanecer no centro integrado de formación profesional, de integrarse con destino definitivo no centro receptor das ensinanzas ou de pasar á situación de suprimido ou desprazado por falta de horario, nunha reunión convocada pola dirección do centro integrado de formación profesional, que terá lugar no prazo dos quince días hábiles contados desde a entrada en vigor desta orde, cumprindo o documento que se publica como anexo VII a esta orde. Ademais, a dirección levantará acta da reunión, facendo constar a opción de cada un dos funcionarios docentes.

Décimo.-A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria publicará no *Diario Oficial de Galicia* os destinos definitivos e, de ser o caso, a situación de suprimido ou desprazado por falta de horario de cada un dos funcionarios docentes afectados polo traslado de ensinanzas dos centros integrados de formación profesional, e que terá efectividade do 1 de setembro de 2006.

Décimo primeiro.- De conformidade co establecido no artigo noveno do Decreto 154/2006, do 7 de setembro, durante os seis anos seguintes á realización do traslado de ensinanzas, os funcionarios afectados terán un dereito de retorno ao seu centro de orixe en calquera das especialidades de que sexan titulares.

Décimo segundo.-De acordo co disposto no artigo oitavo do Decreto 154/2006, do 7 de setembro, os funcionarios docentes desprazados por falta de horario, que participen no concurso de traslados exercendo o dereito preferente, poderán renunciar á participación no concurso nas catro primeiras convocatorias desde que se produciu a perda do destino, mantendo o dereito preferente a obter destino no centro, localidade ou zona educativa.

Décimo terceiro.-Os funcionarios do corpo de profesores de ensino secundario, da especialidade de psicoloxía e pedagogía, poderán optar por quedar con destino definitivo no centro integrado de formación profesional, integrarse no centro receptor das ensinanzas, de existir vacante, ou quedar como suprimidos ou desprazados por falta de horario.

Santiago de Compostela, 18 de setembro de 2006.

Laura Sánchez Piñón
Conselleira de Educación e Ordenación
Universitaria

ANEXO I

Curso académico; Ensinanzas que se extinguen.
2006-2007; Primeiro de educación secundaria obrigatoria.
2007-2008; Segundo de educación secundaria obrigatoria.

2008-2009; Terceiro de educación secundaria obrigatoria.

2009-2010; Cuarto de educación secundaria obrigatoria.

ANEXO II

Curso académico; Ensinanzas que se extinguen.
2007-2008; Módulos I e II do nivel III.

2008-2009; Módulos III e IV do nivel III.

ANEXO III

2010-2011; Primeiro curso de bacharelato.

2011-2012; Segundo curso de bacharelato.

ANEXO IV

Centro integrado de formación profesional; Centro receptor das ensinanzas de ESO e, de ser o caso, bacharelato.

CIFP Anxel Casal. A Coruña; IES Ramón Menéndez Pidal.

CIFP de Somo. A Coruña; IES Elviña.

CIPF Rodolfo Ucha. Ferrol; IES Concepción Arenal.

CIFP Monte de Conxo. Santiago; IES Eduardo Pondal.

CIFP A Farixa. Ourense; IES Universidade Laboral.

CIPF Valentín Paz Andrade. Vigo; IES Ricardo Mella.

ANEXO V

CIFP Anxel Casal. A Coruña.

1 profesor de ensino secundario de inglés.

CIFP Somo. A Coruña

CIFP Rodolfo Ucha. Ferrol

1 profesor de ensino secundario de filosofía.

1 profesor de ensino secundario de latín.

2 profesores de ensino secundario de lingua castelá e literatura.

2 profesores de ensino secundario de xeografía e historia.

2 profesores de ensino secundario de matemáticas.

1 profesor de ensino secundario de física e química.

2 profesores de ensino secundario de bioloxía e xeoloxía.

1 profesor de ensino secundario de debuxo.

2 profesores de ensino secundario de educación física.

2 profesores de ensino secundario de inglés (1 de inglés está desprazado por falta de horario).

1 profesor de ensino secundario de francés.

1 profesor de ensino secundario de psicoloxía e pedagogía.

2 profesores de ensino secundario de lingua galega e literatura

CIFP Monte de Conxo. Santiago de Compostela.

1 profesor de ensino secundario de lingua castelá e literatura.

1 profesor de xeografía e historia (dará filosofía).

1 profesor de ensino secundario de lingua e literatura galega.

1 profesor de ensino secundario de inglés.
 1 profesor de ensino secundario de matemáticas.
 1 profesor de ensino secundario de física e química.
 1 profesor de ensino secundario de bioloxía e xeoloxía.
 1 profesor de ensino secundario de debuxo.
 1 profesor de ensino secundario de tecnoloxía.
 1 profesor de ensino secundario de psicoloxía e pedagogía.

CIFP Compostela. Santiago de Compostela.

2 profesores de ensino secundario de inglés.
 1 profesor de ensino secundario de francés.
 1 profesor de ensino secundario de psicoloxía e pedagogía.

CIFP A Farixa. Ourense.

1 profesor de ensino secundario de filosofía.
 1 profesor de ensino secundario de lingua castelá e literatura.
 1 profesor de ensino secundario de lingua e literatura galega.
 1 profesor de ensino secundario de inglés.
 1 profesor de ensino secundario de francés.
 1 profesor de ensino secundario de xeografía e historia.
 1 profesor de ensino secundario de matemáticas.
 1 profesor de ensino secundario de física e química.
 1 profesor de ensino secundario de bioloxía e xeoloxía.
 1 profesor de ensino secundario de debuxo.
 1 profesor de ensino secundario de tecnoloxía.
 1 profesor de ensino secundario de psicoloxía e pedagogía.

CIPF Valentín Paz Andrade. Vigo

1 profesor de ensino secundario de filosofía.
 1 profesor de ensino secundario de latín.
 1 profesor de ensino secundario de lingua castelá e literatura.
 1 profesor de ensino secundario de xeografía e historia.
 1 profesor de ensino secundario de matemáticas.
 1 profesor de ensino secundario de física e química.
 1 profesor de ensino secundario de bioloxía e xeoloxía.
 1 profesor de ensino secundario de debuxo.
 1 profesor de ensino secundario de francés.
 1 profesor de ensino secundario de inglés.
 1 profesor de ensino secundario de psicoloxía e pedagogía.
 1 profesor de ensino secundario de tecnoloxía.
 1 profesor de ensino secundario de lingua galega e literatura.
 1 profesor de ensino secundario de economía.

ANEXO VI

IES Elviña. A Coruña

1 profesor de ensino secundario de francés.
 1 profesor de ensino secundario de psicoloxía e pedagogía.

2 profesores de ensino secundario da especialidade de lingua castelá e literatura.
 2 profesores de ensino secundario da especialidade de xeografía e historia.
 1 inglés.
 1 lingua e literatura galega.

IES Ramón Menéndez Pidal. A Coruña

1 profesor de ensino secundario de debuxo.
 1 profesor de ensino secundario de latín.
 1 profesor de ensino secundario matemáticas

IES Concepción Arenal. Ferrol

1 profesor de ensino secundario de xeografía e historia.
 1 profesor de ensino secundario de matemáticas.
 1 profesor de ensino secundario de física e química.

IES Eduardo Pondal. Santiago.

1 mestre de pedagogía terapéutica.
 1 mestre de matemáticas.
 1 mestre de ciencias sociais.
 1 profesor de ensino secundario de tecnoloxía.
 1 profesor de ensino secundario de psicoloxía e pedagogía.

IES Universidade Laboral. Ourense

1 profesor de ensino secundario de lingua e literatura galega.

Resolución do 11 de setembro de 2006, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos.

No punto 6º do artigo 126 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (LOE) establécese que corresponde ás administracións educativas determinar o número total de membros do Consello Escolar e regular o proceso de elección, polo que, ao abeiro do establecido na disposición transitoria décimo primeira da LOE, dado que o devandito artigo remite a posteriores disposicións regulamentarias que aínda non foron ditadas, son de aplicación as normas dese rango que o viñan sendo á data de entrada en vigor da LOE, sempre que non se opoñan ao disposto nela.

No Decreto 92/1988, do 28 de abril, polo que se regulan os órganos de goberno dos centros públicos de ensino non universitario, modificado polo Decreto 279/1990, do 27 de abril, establécese, no seu artigo 29, que o procedemento de elección dos membros do consello escolar dos centros públicos se desenvolverá no primeiro trimestre do curso académico que corresponda e dentro do período lectivo, e que a data de celebración das eleccións será fixada, cun mes de antelación, pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.